

CONCELLO DE CERVANTES



N.I.F: P-2701200 D
Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es

26 XAN.



ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

ARTIGO 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo público municipal de axuda no fogar do Concello de Cervantes, cunha prestación que ven establecida na regulamentación do mesmo.



ARTIGO 2.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que se beneficien da prestación do servizo de axuda no fogar. Para ser beneficiario do mesmo estarase ao establecido no Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar. A obriga de pagamento nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 3.- CONTÍA

1.- A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarase de conformidade coas porcentaxes establecidas en función da modalidade do servizo; dependencia ou prestación básica e a capacidade económica da persoa usuaria calculada segundo se establece no artigo seguinte. A súa determinación ou liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo polo órgano competente, previo informe do/a traballador/a social para a prestación básica e segundo o establecido no programa individual de atención para as persoas que accedan ó servizo polo Sistema de Dependencia.

3.- O prezo da hora do servizo fixase en **doce euros**, incrementándose anualmente segundo porcentaxe de aumento do IPREM. O prezo para as horas en días festivos será de **quince euros** (considérase festivo o sábado a partir das 15'00 horas, o domingo e os festivos).

4.- O prezo que deberá aboar cada mes a persoa usuaria será o resultante de aplicar as porcentaxes que correspondan a cada persoa usuaria dependendo da modalidade de prestación do servizo e a capacidade económica da mesma.

Na participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar prestación básica aplicarase unha porcentaxe en función da capacidade económica (referida ó IPREM) familiar mensual (Renta Pér Cápita) sobre a contía que resulte da multiplicación do prezo/hora do servizo polo número de horas mensuais do mesmo concedidas ao usuario.

Na participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar, aplicarase



CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D
Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidiolocal.es

26 XAN. 201



unha porcentaxe sobre a súa capacidade económica ,en función da súa renda (referida ó IPREM), e en función do Grao de dependencia recoñecido, que leva consigo un número de horas de servizo a prestar, cando as horas reais prestadas no servizo de axuda no fogar sexan inferiores as que lles corresponderían por Grao de dependencia recoñecido, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

ARTIGO 4.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.

4.1. – Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

4.1.1.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

4.1.2.- O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febrero, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

4.1.3.- Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará íntegramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos ingresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

4.1.4.- Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordo cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.



CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D
Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es



4.2.- Determinación económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

4.2.1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.2.2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de naturaleza real que diminúan o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

4.2.3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

ARTIGO 5.- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS USUARIAS NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO.

1.Para as persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar, a porcentaxe de participación establecese no artigo 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, segundo o grado de dependencia recoñecido, a súa capacidade económica (referida ó IPREM) e ó número de horas de servizo prestadas.

1.1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.



CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D

Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)

concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es



1.2. Nos demáis supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

% IPREM Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	$\leq 20\text{ h}$	$\leq 45\text{ h}$	$\leq 70\text{ h}$
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
> 500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

1.3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a

CONCELLO DE CERVANTES



N.I.F: P-2701200 D

Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es



cantidad que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

1.4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90 % do custo de referencia do servizo prestado determinado en termos de prezo/hora.

2. Para o resto de persoas ou unidades de convivencia que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación, aplicarase o establecido na seguinte táboa:

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	70%
Maior de 2,50 IPREM	90%

3. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

4. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do **40 %** da súa capacidade económica ou ingresos líquidos percibidos calculados en cómputo anual.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN.

- 1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse mensualmente polo Concello.
- 2.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados ao mesmo mediante domiciliación bancaria.

ARTIGO 7.- OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

- 1.- A obriga de pagar o prezo público por parte do beneficiario nace dende o día en que se inicie a prestación do servizo de axuda no fogar, liquidándose aquel con periodicidade mensual prorateándose o seu importe cando se liquiden meses incompletos.



CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D

Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidocal.es

26 XAN. 2015



Descontaranse das liquidacións mensuais aquelas horas non prestadas por causas imputables ao Concello e aquellas que imputables ao beneficiario, non houberan podido prestarse por causas debidamente xustificadas e documentalmente acreditadas.

2.- A primeira liquidación, ou posterior na que se modifiquen os seus elementos esenciais, seralle notificada ao interesado.

As sucesivas liquidacións serán entregadas á entidade bancaria onde se encontre domiciliado o pagamento, debendo efectuarse o pagamento nos vinte días seguintes ao mes que sexa obxecto de liquidación.

3.- As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de costrinximento en caso de impago por parte do beneficiario en período voluntario.

ARTIGO 8.- AFECTACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS POLO COPAGAMENTO DO SERVIZO.

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recaude a Corporación Local en concepto de aportación das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derrogada a ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de axuda a domicilio, aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 24 de xuño de 2009 (BOP nº 200 de 1 de setembro de 2009).

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da bases do réxime local , e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Cervantes, 20 de xaneiro de 2015

O Alcalde

Benigno Gómez Tadín

